

COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA E ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **22 de xullo de 2020**

No salón de sesións do Pazo Provincial, ás 17.00 horas do día 22 de xullo de 2020, reúnese a comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Plácido Álvarez Dobaño

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana María Villarino Pardo

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

D. Aurentino Alonso Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE XUÑO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de xuño de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial do día 17 de xuño de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DO 29 DE XUÑO DE 2020, DE APROBACIÓN DA ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS ODS DA AXENDA 2030.-

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que este tipo de adhesións e declaracións sirvan para algo e que sexan referendadas con actuacións que promovan o desenvolvemento sostible.

O resto de grupos da Corporación mostran a súa conformidade coa adhesión.

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno do 29 de xuño de 2020, de aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030, co seguinte contido:

“1º.- Aprobar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030 e, en consecuencia, comprometerse a:

a) Traballar na aprobación dun Plan de Actuación ou Estratexia Local, no que se elabore unha análise de situación e un plan de localización e implementación dos ODS da Axenda 2030.

b) Cumprir coas obrigas e exercer os dereitos que se establezan nas Normas de Funcionamento da Rede, que se aprobarán na Asemblea constitutiva prevista para o mes de xullo de 2020 na que tamén se establecerá a cota para aboar que, previsiblemente, se podería fixar en función do número de habitantes.

2º.- *Que polo titular da Presidencia se realicen todos os trámites oportunos para que a adhesión da Deputación de Ourense á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030, sexa efectiva”.*

3º.- AUTORIZACIÓN AO DEPUTADO PROVINCIAL RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO PARA COMPATIBILIZAR O EXERCICIO DO SEU CARGO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA CO DESEMPEÑO A TEMPO PARCIAL DO POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR ASOCIADO T3 - P5 NA UNIVERSIDADE DE VIGO.

O Sr. secretario dá conta do contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, aclara que non se trata máis que dunha reestruturación interna do departamento, xa que debido ao falecemento dun compañeiro do dito departamento se distribuíron as horas entre o resto de docentes, de aí o cambio de categoría de P4 a P5.

Os grupos de Ciudadanos e BNG móstranse a favor da proposta.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, indica que vai reflexionar sobre esta petición e reserva o voto para o Pleno.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta igualmente a súa reserva para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista, do BNG e de Ciudadanos, e a abstención do Grupo Popular e Democracia Ourensana, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Autorizar ao deputado provincial don Rafael Rodríguez Villarino a compatibilidade do seu cargo de deputado en réxime de dedicación exclusiva co desempeño do posto de profesor asociado T3-P5 na Universidade de Vigo.

A dita autorización queda en todo caso suxeita ao cumprimento dos límites establecidos no artigo 7 da Lei de incompatibilidades.

4º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se producen.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.